

REGULAMENTO ASEMBLEARIO



ASEMBLEA EN COMÚN

1. QUE É?

É o máximo órgano de representación de OUeC. Unha assemblea con decisións **vinculantes** e con capacidade de modificación das decisións **estratéxicas**.

2. QUEN CONFORMA A ASEMBLEA EN COMÚN?

Á Asemblea en Común están chamados a participar tanto as persoas **integrantes** de Ourense en Común como todas aquelas persoas **simpatizantes** baixo as cláusulas que se recollen no *Protocolo de entrada e participación de Ourense en Común*.

3. CANDO SE REÚNE?

Segundo as súas necesidades e distinguindo as seguintes **tipoloxías**:

Asemblea en Común Ordinaria ou Extraordinaria: Convocada segundo as súas necesidades, cunha periodicidade mínima trimestral no caso das asembleas ordinarias, para a rendición de contas e posta en común dos diferentes GTs, aprobación de documentos, etc. Aló menos unha de cada tres AeC ordinarias serán celebradas en fin de semana, co obxectivo de fomentar e facilitar a conciliación familiar.

Asemblea en Común Institucional: Convocada atendendo ás obrigas recollidas no *Código de Boa Gobernanza de Ourense en Común* (Apartado 3). Ademais celebrárase unha asemblea para a rendición de contas de todo o traballo institucional desenvolto con carácter semestral.

Asemblea en Común Consultiva e de referendo: convocada segundo a consideración de oportunidade das anteriores. Nesta someterase a consulta ou votación pública aqueles asuntos de especial interese, sempre e cando estes non entren en contradición cos documentos constituíntes e declaración de principios de OUeC.

Asembleas Monográficas: Aquelas asembleas, sexan ordinarias ou extraordinarias, convocadas para tratar un tema concreto. De ser ordinaria acordárase unha franxa temporal aproximada para a súa celebración e un Grupo de Traballo encargado da preparación e dinamización da devandita asemblea. Unha vez teña avanzado o traballo necesario para a súa convocatoria será convocada polo GT de Coordinación cumprindo os mesmos

criterios que os de calquera Asemblea en Común de carácter Ordinario. As Asembleas Monográficas poderán ter calquera formato sempre que respecte a inclusión na mesma do protocolo de toma de decisións.

RePensar: Asemblea celebrada a principio de cada ano (nunca máis tarde do 01 de marzo) coa finalidade de avaliar o proceso municipalista dende o seu proceso constituínte, analizar en qué fase do mesmo se atopa, renovación de referentes de GT, definir a folia de ruta, etc.

Procurando fomentar unha participación activa en OUeC en harmonía co desenvolvemento persoal, familiar ou laboral, a xornada anual "RePensar OUeC" celebrarase en fin de semana, habilitando todas as ferramentas posibles de conciliación. Para a súa implementación será nomeado un GT encargado da preparación e dinamización da devandita asemblea. Unha vez teña avanzada a proposta para a súa convocatoria será convocada polo GT de Coordinación cumprindo os mesmos criterios que os de calquera Asemblea en Común de carácter Ordinario.

4. CAL É PROCEDEMENTO DE CONVOCATORIA E ACCIÓN DA ASAMBLEA EN COMÚN?

ORDINARIA, EXTRAORDINARIA E INSTITUCIONAL:

1º) A **Asemblea en Común establecerá a semana na que terá lugar** a vindeira asemblea, que deberá convocarse como mínimo con dúas semanas de antelación. O GT de Coordinación, en atribución das súas funcións, poderá adiar a convocatoria da AeC, atendendo ao nivel de contidos preparados para o seu debate pero respetando a periodicidade trimestral referida no punto anterior. Así mesmo, un tercio dos integrantes de OUeC poderá convocar unha AeC ordinaria informando ao GT Coordinación, quen facilitará a comunicación entre as integrantes a través da Asemblea Virtual e dará validez á convocatoria.

O GT Coordinación poderá convocar unha **assemblea extraordinaria** cando entenda que existe unha urxencia motivada, e que deberá facerse polo menos con 24 horas de antelación, debendo constar na convocatoria a orde do día en PAD aberto e con enlace a tódolos documentos a tratar. Este carácter de urxencia tamén poderá ser decidido pola propia Asemblea en Común.

Calquera integrante de Ourense en Común poderá solicitar ao GT de Coordinación a convocatoria dunha Asemblea en Común de carácter extraordinario, así como a inclusión dun punto na orde do día xa pechada dunha Asemblea Ordinaria xa convocada e sen respectar os prazos. Será o GT de Coordinación o que decidirá se existe urxencia motivada ou o 51 % dos integrantes de OUeC. Sobre este punto concreto engadido aplicarase o mesmo protocolo de toma de decisións para as Asembleas Extraordinarias.

Así mesmo, en seguimento do estipulado no punto 3.2 do Código de Boa Gobernanza de Ourense en Común realizarase, con carácter ordinario e unha periodicidade mensual, unha Asemblea en Común específica para a información, rendición de contas e toma de decisión estratéxicas relacionadas coa **actividade do GT Institucional e as persoas que o integran nas súas funcións como representantes públicos**. Esta Asemblea en Común terá lugar tres días antes do Pleno Municipal que se realiza con carácter mensual, isto é, o martes previo ao primeiro venres de cada mes. En caso de producirse algún cambio na data de celebración do Pleno Municipal a Asemblea específica axustarase a esta circunstancia. Por parte do GT de Coordinación difundirase a data da Asemblea en Común específica cunha semana de antelación, así como a orde do día en canto sexa posible podendo actualizarse ata a data mesma da Asemblea se fose necesario. Nestas asembleas ao non existir prazos de presentación da orde do día e documentación aplicarase o protocolo de toma de decisións para as Asembleas de carácter extraordinario.

2º) Unha vez escollida a semana na que se celebrará a Asemblea en Común o GT de Coordinación enviará polo canle de galegram “Asemblea Virtual” e pola rolda de correo electrónico xeral (ciudadaniaou@roldas.saramaganta.info) o enlace a un Doodle para escoller o **día que conte con máis apoio**. Nese mesmo correo se enviará un PAD aberto cunha proposta de orde do día que poderá ser modificada ata o día de peche do propio Doodle, que se producirá con seis días de antelación ao primeiro día proposto. Nesta orde do día procurarase que os asuntos máis complexos vaian sempre ao final para non xerar sensación de inmovilidade.

As convocatorias non se publicará abertamente en redes, facendo un chamamento desde Comunicación que visibilice que hai unha Asemblea en Común convocada co obxecto de que as persoas interesadas en participar contacten coa área de Apertura, de xeito telefónico ou a través do correo electrónico, **iniciando o proceso de benvida con explicación de protocolos, estrutura organizativa**, alta nas canles de comunicación interna.

3º) Unha vez escollida a data máis votada e pechada a orde do día o GT de Coordinación enviará novamente pola rolda de correo xeral de Ourense en Común e a canle de “Asemblea en Común” a convocatoria da Asemblea coa orde do día definitiva nun PAD aberto, que actuará tamén como **acta online, e na que deberán estar presentes: ligazón para asistencia telemática mediante videoconferencia á asemblea e todos os documentos ou propostas a debater na mesma**. As propostas e documentos poderán ser emendados ata 48 horas antes da celebración da Asemblea en Común.

De existir emenda ou ben dúas propostas enfrontadas dentro das posibilidades os promotores das propostas e das emendas procurarán unha **transaccional previa á Asemblea en Común** nunha reunión pública, solicitando a presenza de máis integrantes de OUC se o consideran oportuno.

A transaccional elaborada entre dúas propostas enfrontadas deberá presentarse con anterioridade ao prazo de presentación das emendas, é dicir 48 horas, podendo presentarse emendas sobre a mesma ata o momento no que se expoña a transaccional na Asemblea.

Se a transaccional procede dunha proposta emendada non terá que cumprir prazo algún, aínda que se procurará que sexan colgadas con anterioridade á AeC. Poderanse presentar emendas nunha quenda pechada de palabras posterior á exposición da proposta transaccional previa, e que será aberta só para a presentación das mesmas.

4º) Previamente ao inicio de cada asemblea **nomearase de xeito rotatorio entre as integrantes presentes**: 1 persoa encargada de dinamizar , 1 persoa encargada de levantar acta, 1 persoa encargada das quendas de palabra, 1 persoa responsable de panel , 1 persoa encargada de mediar e garantir o bo funcionamento da asemblea e sempre que sexa posible rexistro de audio, vídeo e fotografía.

5º) Na AeC ordinaria o primeiro punto a repetir da orde do día será sempre **un informe breve (3 minutos) da actividade dos diferentes GTs** no tempo discorrido dende a última Asemblea en Común ata a presente, a orde de exposición será rotatoria agás que exista causa motivada, que explicará de ser o caso o GT Coordinación.

Nestes puntos **darase conta do traballo feito, polo que no haberá debate nin tomas de posición ao respecto. Abrirase unha quenda pechada para dúbidas e aclaracións ao final da exposición, pero se a persoa dinamizadora observase o inicio dun debate que non procede, anotarase o punto de conflito e lavarase o tema concreto ao punto de varios, onde poderá expoñer a súa reflexión abríndose unha quenda pechada de palabras de ser o caso.** Esta mesma fórmula aplicarase en calquera outro asunto ou proposta presentada sobre a que non se presentasen emendas en tempo e forma.

Despois trataranse todos os temas, encomendas e propostas que houberse para a Asemblea en Común que fosen presentadas en tempo e forma. Isto é:

Documentos e propostas: 6 días de antelación ao primeiro día proposto no Doodle.

Emendas e bloqueos: 48 horas de antelación á Asemblea en Común.

Proposta transaccional previa entre propostas enfrontadas: 48 horas de antelación á Asemblea en Común.

Transaccional previa entre unha proposta orixinal e unha emenda:

Sen prazo.

Emendas e bloqueos á transaccional previa entre propostas enfrontadas: Ata o inicio da exposición da transaccional na Asemblea.

Emendas e bloqueos á transaccional previa entre proposta e emendas: Na quenda posterior ás exposicións de ambas.

A Asemblea en Común adoptará os acordos seguindo o protocolo de toma de decisións segundo o carácter ordinario ou extraordinario da mesma.

6º) Para o bo discorrer da Asemblea en Común **poderase pedir o abandono desta de xeito inmediato a toda aquela persoa que non observe e practique os principios, protocolos e regulamentos de Ourense en Común;** ou ben que amose actitudes contrarias ás dinámicas de debate e participación propias, tales como o respecto, a xenerosidade, a vontade de acordo, a crítica construtiva, o diálogo, a procura de consenso ou calquera outra que estime oportuna a propia Asemblea en Común.

Para que este abandono chegue a producirse a persoa deberá ser advertida tres veces con anterioridade. A denuncia destas actitudes ou incumprimentos **poderá ser exposta por calquera participante da Asemblea pero deberá ser ratificada pola propia Asemblea.**

Unha vez teña lugar a terceira chamada de atención a dinamizadora propondrá o abandono á Asemblea en Común, que será decidido aplicando o protocolo de toma de decisións vixente para os supostos de "decisións estratéxicas e urxentes e/ou imprescindibles". Na toma desta decisión non poderán participar as persoas obxecto do proceso.

No caso de que o abandono se faga efectivo, será o **Comité de Garantías Éticas** o encargado de propoñer na seguinte Asemblea en Común o carácter circunstancial, temporal ou definitivo do abandono así como calquera outra sanción que considere acaída ou necesaria, e sempre dependendo da gravidade dos feitos. A proposta do Comité de Garantías Éticas someterase á Asemblea en Común tal e como establece o Código de Ética Política.

7º) Unha vez rematada a asemblea o GT de Coordinación redactará un **acta pública de acordos** que será remitida á Área de Comunicación para a súa difusión en redes e web seguindo o criterio de **transparencia**. Nese acta de acordos omitiranse nomes e referencias persoais. A orixinal (acta online) quedará pendurada no mesmo PAD colaborativo.

CONSULTIVA E REFERENDO:

As **Asembleas Ordinaria, Extraordinaria e/ou Institucional** terán a **capacidade de convocar segundo a consideración de oportunidade das mesmas outras Asembleas Consultivas ou de Referendo**. Nestas someteranse a consulta ou votación pública aqueles asuntos de especial interese, sempre e cando estes non entren en contradición cos documentos constituíntes e declaración de principios de OUEC.

Unha vez convocadas a Asemblea en Común nomeará para cada unha delas un grupo facilitador que desenvolverá o correcto funcionamento da mesma.

5. CAL É O PROTOCOLO DE TOMA DE DECISIÓNS EN ASEMBLEA?

A) ASAMBLEAS EN COMÚN DE CARÁCTER ORDINARIO E/OU INSTITUCIONAL:

As decisións **deben ser produto do debate**, o traballo colaborativo e a escoita activa, tratando de adoptalas sempre cun consenso total. É por iso que para gañar en operatividade, que **se tomarán os acordos por asentimento** sempre que sexa posible. Se non se emenda un asunto en tempo e forma, apróbase. Os acordos consolídanse no momento da súa aprobación.

As propostas, emendas e transaccionais serán presentados e explicados na Asemblea en Común polos promotores ou quen estes designen ao efecto. Se ninguén as asume estas decaen. As emendas poderán ser á totalidade, de modificación, de substitución, de supresión (total ou parcial) e engadidos. Todas deberán ser razoadas, argumentadas, xustificadas e oportunas, especialmente as de supresión total, fundamentadas en que é mellor decisión non adoptar unha medida ou postura concreta sobre o tema a debater.

As decisións estratéxicas, entendidas estas como aquelas que afectan ao marco común do proceso expresado nos acordos constituíntes (declaración de principios e obxectivos do proceso, estrutura organizativa, protocolo de relacións con organizacións, principios éticos e de relacións internas); decidíranse segundo o presente protocolo. Aquelas outras serán decididas por cada GT en virtude dos principios de confianza e autonomía, e das que rendirán contas na AeC.

1.- Sometemento a consenso:

Se someterán á Asemblea en Común a través dunha breve exposición as propostas e transaccionais traballadas previamente se as houbese, así como as emendas presentadas, que serán á totalidade, de modificación, de supresión (total ou parcial) e engadidos. Este mecanismo tradúcese en que se non hai presentada en tempo e forma calquera das figuras aquí recollidas deste asunto darase conta e quedará aprobado sen debate previo.

Darase lectura en voz alta aos puntos das propostas orixinais que fosen emendados e as propias emendas presentadas, así como a transaccional traballada previamente se a houbese, que será explicada polas participantes na mesma.

No caso de que existise transaccional previa, e dado que non existe prazo para a súa presentación, as emendas serán presentados nunha quenda pechada de palabras aberta ao efecto con posterioridade ao sometemento a consenso da devandita transaccional e sempre que non o acadase. Nese caso serán as emendas as que procurarán o acordo. Se tampouco o acadasen ou se non fose presentada transaccional algunha someterase a consenso a proposta e emendas orixinais por esta orde. De existir emenda de supresión total será a primeira delas en tratarse.

Entendese que existe consenso cando non se opoña o 10 % das participantes na asemblea.

2.- Valoración das posturas e da urxencia e/ou imprescindible

De non existir consenso abrírase unha quenda de exposición por parte dos redactores ou promotores da proposta, emendas e os que rexeitan as propostas presentadas, tras o que comezará unha quenda pechada de palabras para a exposición das posturas de cada un. Para axilizar o debate a persoa dinamizadora procurará que non se repitan argumentos xa explicados, solicitando á persoa en uso da palabra a súa posición dunha forma clara e concisa apoiándose nos argumentos xa expostos pola persoa na que se sinta representada. **Asemade poderá establecer límites de tempo para argumentar sobre as distintas posturas establecéndose en función da propia dinámica da asemblea.**

Á finalización da quenda de palabras someterase novamente a consenso as propostas e emendas. **De non se producise acordo a persoa dinamizadora propondrá á Asemblea que vote o carácter urxente e/ou imprescindible da decisión a tomar.**

De haber unha maioría simple entre os votos emitidos que entenda que a decisión non é urxente e/ou imprescindible adiarase para a seguinte AeC. **Será nomeado un grupo de persoas que a modo de mediación presenten un texto alternativo conxuntamente co GT redactor ou promotor e/ou persoas que emenden se o estiman oportuno, así como calquera outra persoa que teña a ben participar na proposta transaccional e que será presentada na seguinte Asemblea** implementando novamente o protocolo dende o punto 1º. No caso de que se trate dunha emenda de supresión total pasarase directamente á votación de ambas posturas.

3.- Necesidade da toma de decisión:

Se a devandita maioría simple considera que a decisión si ten ese **carácter urxente e/ou imprescindible** farase un **receso** de un máximo de 10 minutos na AeC para a elaboración pública dunha proposta **transaccional de consenso**. Esta será redactada por un grupo formado por unha persoa que defende a emenda, unha persoa que a rexeite e a persoa que ocupe cargo de mediadora na asemblea. Asemade pedirase a colaboración de cando menos unha persoa voluntaria que non amosase claramente actitudes de bloqueu ou apoio á emenda.

Se a proposta transaccional elaborada na propia Asemblea non acadase consenso **comprobarase a existencia de quórum** para comezar a votación segundo a tipoloxía de asemblea de que se trate (*vid* apartado 6 deste mesmo documento). **De non existir o quórum preciso trasladarase á canle de integrantes de OUEC (Asemblea Virtual)** unicamente a votación entre as posibilidades existentes, que se procurará a través do traballo asemblear que sexan as mínimas posibles. Ao non existir a posibilidade de establecer todo o mecanismo de votación aprobarase aquela posibilidade que acade o 51 % dos votos emitidos. **De existir máis de dúas opcións, e ante a posibilidade de que ningunha acade ese 51 % a votación repetirase entre as dúas opcións máis votadas.**

De existir o quórum necesario se someterán a votación esta última transaccional proposta, a transaccional orixinal, o texto inicialmente presentado e todas as emendas presentadas por esta orde. Será aprobado o que obteña, cando menos o apoio de **2/3 +1 dos votos emitidos a favor ou o 51 % se a abstención superase o 15 %**. De darse o caso de que máis dunha opción supere estes cocientes, abrirase unha quenda de palabra para aclarar os posicionamentos sobre estas. Despois volverase a votar por cada unha das opcións que pasaron o corte, sendo aprobada a que conte cun maior apoio.

No caso de que ningunha das propostas acade o número de votos necesario en cadansúa votación, e ante a urxencia da toma dunha postura ou decisión, votaranse as dúas posturas cun maior número de votos a favor, quedando aprobada a que obteña un 51 % de entre os votos emitidos a favor ou en contra e sen contabilizar a abstención.

Todas estas votacións serán **secretas se así o solicitase o 10 % das persoas presentes con dereito a voto.**

Anexo.- No caso de varias posturas enfrontadas:

No caso de que existan **dúas propostas enfrontadas ou incompatibles entre si**, en prol do ben común procurárase nunha reunión pública unha transaccional entre todas elas con anterioridade ao prazo de presentación das emendas e bloqueos, solicitando de considerarse oportuno a presenza de máis integrantes de OUEC, sendo a mesma a que se presente en asemblea. No caso de que non fose posible presentarase todas elas.

De acadarse a transaccional, e xa que o prazo de presentación é de 48 horas, permitiranse emendas ata o momento no que se expoña a proposta na asemblea, aínda que se procurará que sexan colgadas con anterioridade. A partir deste momento aplicarase o protocolo descrito.

Se non fose posible a transaccional e se presentasen todas ou varias someteranse as presentadas a consenso través dunha breve exposición e se aprobará a que o obteña, se todas o obtivesen aprobarase o que teña un maior apoio, contabilizando o número de persoas que se opoñan a cada proposta.

No caso de que ningunha acade o consenso abrírase unha quenda pechada de palabras para a exposición das posturas de cada un, tras o cal se volverán a someter a consenso.

Se novamente non se acadase o mesmo someterase a votación o carácter urxente e/ou imprescindible aplicándose desde este punto o **protocolo anteriormente exposto**. De entender que si ten este carácter e unha vez aprobada algunha das propostas daranse lectura ás emendas presentadas en prazo e implementando o presente protocolo desde o principio agás a decisión de si é urxente e/ou imprescindible, xa que a AeC xa se tería pronunciado ao respecto.

Do mesmo xeito que para documentos e propostas emendadas todas estas votacións serán secretas se así o solicitase o 10 % das persoas presentes con dereito a voto.

B) ASAMBLEA EN COMÚN DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO:

Do mesmo xeito que nas Asembleas ordinarias as decisións deben ser produto do debate, o traballo colaborativo e a escoita activa, tratando de adoptalas sempre cun consenso total, facendo por **asentimento ou falta de bloqueo**.

Polo carácter urxente da Asemblea en Común os **documentos ou propostas a tratar só deberán cumprir o mesmo prazo que o da propia convocatoria**, é dicir, o de 24 horas de antelación, asemade as emendas serán presentadas na propia AeC, por este motivo o protocolo de toma de decisións debe de ser adaptado a esta situación.

O primeiro punto da orde do día será a **ratificación por maioría simple de entre as participantes con dereito a voto do carácter urxente de cada punto**. Se algún punto non obtivese a maioría suficiente quedará adiado á seguinte Asemblea en Común de carácter ordinario.

Xa que non existen emendas realizadas con anterioridade en lugar de ir directamente aos puntos emendados explicarase ou darase lectura á proposta ou documento completo. Unha vez se remate abrírase unha quenda de palabra pechada para a presentación de emendas, tras o que abrírase unha segunda quenda pechada para a valoración e exposición de posturas ao respecto. Rematada esta poden xurdir algunha das seguintes situacións, que de darse de forma simultaneamente se resolverán na seguinte orde:

- Proposta única con emenda de supresión total.
- Varias posturas enfrontadas.
- Textos ou propostas emendadas parcialmente.

Segundo a situación concreta procederase dos seguintes xeitos:

Proposta única con emenda de supresión total:

Se tras a exposición por parte de promotor da proposta ou documento existise unha emenda de supresión total, unha vez rematada a última quenda o promotor terá posibilidade de réplica.

Despois desta réplica abrírase unha nova quenda pechada tras a cal volverase a someter a consenso a proposta emendada.

De non existir someterase a votación implementando o protocolo de toma de decisión para as Asembleas en Común de carácter ordinario, que será o que opere a partir deste punto agás a decisión de si é urxente e/ou imprescindible, xa que a Asemblea xa se tería pronunciado ao respecto.

Varias posturas enfrontadas:

- Se unha vez exposta a proposta inicial xurdisen propostas enfrontadas ou incompatibles coa proposta inicial ou entre as expostas nesa quenda a persoa dinamizadora, unha vez rematada a quenda, someterá a consenso todas as propostas por orde de presentación.

- Se ningunha acadase consenso farase un receso de un máximo de 10 minutos na Asemblea para a elaboración pública dunha proposta transaccional de consenso conforme o exposto no protocolo de toma de decisión para as Asembleas en Común de carácter ordinario, que será o que opere a partir deste punto agás a decisión de si é urxente e/ou imprescindible, xa que a Asemblea xa se tería pronunciado ao respecto.

Textos ou propostas emendadas parcialmente:

- Se xurdisen emendas serán recollidas e sometidas a consenso incluíndose no caso de que así fose.

- De existir bloqueo ou se fosen incompatibles o GT promotor e quen fixera a emenda terán dúas quendas de palabra para defender as súas posturas, tras o que se someterán de novo a consenso.

- De non acadarse en ningunha delas tentarase unha transaccional que reiniciara o proceso, se non acadase consenso ou non fose posible someteranse a votación a transaccional acadada, a proposta orixinal e as emendas aplicando o protocolo de toma de decisión para as Asembleas en Común de carácter ordinario, que será o que opere a partir deste punto agás a decisión de si é urxente e/ou imprescindible, xa que a Asemblea xa se tería pronunciado ao respecto.

En todos os casos descritos:

- As propostas, emendas e transaccionais serán presentados e explicados polos promotores ou quen estes designen ao efecto. Se ninguén as asume estas decaen.

- A votación será secreta se así o solicitase o 10 % das persoas con dereito a voto.

- Os acordos deben ser acatados e consolidaranse no momento da súa aprobación.

- Os límites de tempo para defender ou argumentar en contra das propostas e/ou emendas estableceranse en función da propia dinámica da asemblea, do que se encargará a persoa que dinamice, que tamén procurará que non se repitan argumentos xa explicados ou reflexións xa feitas, solicitando á persoa en uso da palabra a que tome posición dunha forma clara e concisa apoiándose nos argumentos xa expostos pola persoa na que se sinta representada.

C) ASAMBLEA EN COMÚN CONSULTIVA OU DE REFERENDO:

Do mesmo xeito que nas Asembleas Ordinarias e Extraordinarias as decisións deben ser produto do debate, o traballo colaborativo e a escoita activa, tratando de adoptalas sempre cun consenso total, facendo por **asentimento**. O grupo facilitador nomeado pola Asemblea en Común será o responsable de procurar que dito consenso sexa factible.

Estas poderán ser de carácter consultivo non vinculante ou vinculantes de obrigado cumprimento.

Asembleas consultivas non vinculantes:

Serán aquelas nas que OUeC sinta a necesidade de coñecer a opinión e o sentir xeral ou sectorial para o desenvolvemento das súas funcións, así como para a elaboración de programas, etc. Xa que logo estas poderán ser convocadas como asembleas deliberativas ou realizando referendos.

Asembleas consultivas vinculantes de obrigado cumprimento:

Serán aquelas motivadas pola obriga de OUeC a pronunciarse institucionalmente e entenda que as mesmas necesitan de resposta dun sentir xeral ou sectorial da veciñanza.

Naqueles supostos nos que o obxectivo final sexa realizar unha proposta ou asumir acatarase aquela que se identifique cos **2/3 +1 dos votos** emitidos. De non acadar dito resultado o asunto será analizado novamente na Asemblea en Común Ordinaria, Extraordinaria ou Institucional onde se aplicará o procedemento de toma decisións apuntado arriba.

Naqueles outros supostos nos que o obxectivo sexa un pronunciamento institucional a propostas externas a OUEC, e toda vez analizado o resultado, acatarase de forma proporcional ao mesmo do seguinte modo:

- Cando o resultado dunha opción sexa igual ou supere os $\frac{3}{4}$ o pronunciamento de OUEC por medio dos seus representantes será unánime a favor da mesma.
- No caso de que ningunha opción acadese os $\frac{3}{4}$ será realizada unha proporción directa entre os votos emitidos e os votos a emitir nas institucións. No reparto só poderán entrar aquelas opcións que se identifiquen, como mínimo, co 30% + 1 dos votos emitidos.
- O factor corrector dos votos sobrantes a cada opción favorecerá en primeiro lugar á opción máis votada e o seguinte a aquela que precise dun menor número de votos a favor para acadar representación.
- No caso de empate entre opcións será a mesma Asemblea Consultiva ou de Referendo a que resolva de forma maioritaria segundo os protocolos de toma de decisións de OUEC.

6. EXISTE QUÓRUM?

Só será necesario acadar un **número mínimo de representantes en asemblea naqueles casos que se requira votación para adoptar acordos.**

A) ASAMBLEAS EN COMÚN DE CARÁCTER INSTITUCIONAL:

Queda fixado un quórum mínimo de tres veces o número de asistentes da área de traballo de institucional, sen contar con elas. No caso de non ser acadado, cando a decisión teña carácter de urxente, delégase no mesmo grupo que deberá informar á maior brevidade posible aos integrantes de Ourense en Común do acordado e render contas na primeira Asemblea Ordinaria posterior ao mesmo.

B) ASAMBLEAS EN COMÚN DE CARÁCTER ORDINARIO OU EXTRAORDINARIO:

Queda fixado un quórum mínimo do 50% do total dos integrantes de OUEC. No caso de non ser acadado, cando a decisión teña carácter de urxente e non poda ser adiada, será tomada mediante votación telemática na Asemblea Virtual cun prazo límite de participación. Toda vez finalizado o mesmo o acordo co resultado das votacións, no que figure o nome da persoa e o sentido do seu voto, será recollido e anexado á acta pública da asemblea.

A votación será secreta cando o solicite o 10 % dos voto emitidos.

C) ASAMBLEAS EN COMÚN CONSULTIVA OU DE REFERENDO:

Non requiren quórum mínimo.